

PLAN DE ORIENTACIÓN



CEIP PLURILINGÜE
CELSO EMILIO FERREIRO

A SILVA - CERCEDA

ÍNDICE	1
1.-XUSTIFICACIÓN	2
2.-PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN E ORGANIZACIÓN	2
3.-CONTEXTO. ANÁLISE DE NECESIDADES	3
4.-COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO	3
5.-OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE ORIENTACIÓN	3
6.-CONTIDOS. MEDIDAS DE ACTUACIÓN	4
7.- AVALIACIÓN	6

1.- XUSTIFICACIÓN

Partimos dun concepto de educación que supera o puro aspecto de instrución e adestramento para centrarse en todos os aspectos da vida do alumno e que pretende o seu desenvolvemento pleno e integral. Isto é, a acción educativa debe conlevar un proceso de instrución pero tamén de orientación .

A orientación é unha necesidade da persoa ao longo de toda a súa vida, pero esta necesidade de orientación adquire unha especial transcendencia durante o proceso de escolarización. Concíbese a orientación educativa como o proceso continuo de apoio e asesoramento aportado polo sistema educativo ao alumnado sobre os aspectos escolares, persoais, académicos e profesionais.

O presente Plan concede á expresión “orientación educativa” un sentido amplo, que comprende as actuacións de orientación desenvolvidas polo sistema educativo tanto no ámbito propiamente escolar e curricular como as realizadas a través da acción titorial e en relación coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional.

A orientación aportada no ámbito educativo debe centrarse no logro do mellor axuste da resposta educativa ás características de cada alumno, ao mesmo tempo que desenvolve a súa capacidade para orientarse por si mesmo e saber tomar decisións de forma madura e responsable. Desde esta perspectiva, a orientación forma parte da función docente e integra todas as accións da comunidade educativa para aportar unha educación integral e de calidade.

O Plan de Orientación preséntase como unha guía de traballo, aberta e flexible. Completan este Plan o PAT (Plan de Acción Titorial), o Plan de Atención á Diversidade, e o Plan Anual.

2.- PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN E ORGANIZACIÓN

Darase prioridade aos seguintes:

- Globalidade. A orientación contribúe a preservar a dimensión global da educación.
- Xeneralización. A acción orientadora debe estar dirixida á totalidade do alumnado.
- Continuidade: A orientación é un proceso permanente, cunha especial transcendencia durante a etapa de escolarización.
- Curricularidade. As respostas orientadoras deben ter como referente básico o currículo do alumno.

- Cooperación. As accións orientadoras deben estar incluídas nunha labor de equipo e a partir dun obxectivo común. Neste senso, propíciase a acción orientadora do profesorado en xeral. Todo profesor, no desempeño do seu labor docente cotiá na aula, desenvolve necesariamente accións orientadoras para o alumnado.
- Prevención. A orientación non se limitará á intervención e compensación das dificultades xa existentes, senón que contemplará a súa prevención.
- Personalización. Procurarase unha atención orientadora específica que considere as necesidades educativas propias do alumnado, en función das súas diferencias en capacidades, motivacións, intereses e demais circunstancias persoais.
- Atención á diversidade. Tanto en función de capacidades persoais diferenciadas como de diversidade cultural.

3.- CONTEXTO. ANÁLISE DE NECESIDADES

O CEIP Plurilingüe “Celso Emilio Ferreiro” atende a un alumnado comprendido entre os 3 e os 12 anos, procedente da mesma área xeográfica: unha zona interior na que aínda permanecen actividades agrícolas e gandeiras pero con preponderancia doutros sectores económicos: existe un polígono industrial, unha central térmica e unha incineradora do lixo producido en toda Galicia.

As necesidades educativas detectadas están moi relacionadas cos seguintes feitos:

- En xeral o ambiente familiar é pouco motivador para os estudos debido especialmente ao escaso hábito de lectura da maioría das familias.
- A dispersión da poboación. Hai lugares nos que o neno ten serias dificultades para contactar e relacionarse con outros da mesma idade.
- Necesidade de aumentar a implicación dos pais e nais no proceso educativo dos seus fillos.

4.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

- Profesora de PT.
- Profesorado de AL se houberse.
- Coordinador ou coordinadora de Educación Infantil
- Xefe do departamento de orientación.

5.- OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE ORIENTACIÓN

- Garantir que a orientación forme parte esencial da actividade educativa.

- Propiciar, por medio da acción orientadora e titorial, o pleno desenvolvemento das posibilidades dos alumnos como persoas.
- Contribuír a que o alumno reciba unha atención personalizada en función das súas necesidades educativas.
- Facilitar a pronta detección do alumnado que presente características educativas diferenciais.
- Desenvolver de maneira directa, polo profesorado especialista (PT e AL, se hai) o proceso de apoio do alumnado que o precise, tendo en conta o Plan de Atención á Diversidade.
- Apoiar a función titorial, o desenvolvemento dos obxectivos propostos nos procesos de ensino/aprendizaxe e a orientación académica.
- Prestar asesoramento psicopedagóxico.
- Informar, asesorar e orientar ao alumnado, ao profesorado e ás familias para a mellora da calidade educativa.
- Contribuír a fomentar as relacións coas familias dos alumnos e cos servizos e institucións que prestan atención socioeducativa e sanitaria aos nosos alumnos, no marco dunha intervención multiprofesional.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativos e curriculares do centro.

6.- CONTIDOS. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

Para levar a cabo os obxectivos propostos, plantéanse unha serie de contidos agrupados en bloques de programas:

- Asesoramento pedagóxico ao centro: Plan de Apoio ao Proceso de Ensino/Aprendizaxe.
- Titoría: Plan de Acción Titorial.
- Apoio directo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Programacións do profesorado de PT.
- Apoio ao Plan de Atención á Diversidade.

6.1.- Asesoramento pedagóxico ao centro

6.1.1.- Proceso de ensino/aprendizaxe

- Asesoramento en reunións de departamento, de ciclos, de titores, de avaliación...
- Atención á diversidade de estilos de aprendizaxe do alumnado.
- Informar na CCP das decisións do departamento de orientación.

6.1.2.- Convivencia

- Asesoramento para mellorar a convivencia nas aulas e no centro.
- Sensibilizar e prever ante o feito do acoso escolar.

6.1.3.- Organización

- Asesoramento aos órganos de goberno, participación e coordinación docente.
- Proposta e coordinación na elaboración dos horarios de apoio e reforzo.
- Asesorar ao Equipo Directo en relación co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

6.1.4.- Avaliación

- Asesoramento nos procesos de avaliación dos alumnos e do centro.
- Asesoramento na elaboración de informes de avaliación de alumnos de apoio e reforzo.

6.2.- Tutoría:

- Desenvolvemento do PAT.
- Potenciación da acción titorial.
- Establecemento de actuacións de prevención e control.

6.3.- Apoio directo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Programacións do profesorado de PT e AL.

- Aplicación de plans de actuación co o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Desenvolvemento dun sistema de seguimento do alumno apoiado.

6.4.- Apoio ao Plan de Atención á Diversidade

Este Plan inclúe tamén a previsión de avaliacións psicopedagóxicas, así como:

- Coordinación cos tutores.
- Identificación das necesidades educativas do alumnado.
- Revisión dos informes de valoración psicopedagóxica.

A temporalización podería ser a seguinte:

- 1º trimestre. Colaborar coa Xefatura de Estudos na correcta definición do alumnado con necesidades de apoio e/ou reforzo, revisión de informes,

seguimento de casos, recollida e estudo de demandas, avaliacións psicopedagóxicas...

- 2º trimestre. Seguimento das medidas de axuste, novas demandas e avaliacións que fosen necesarias.
- 3º trimestre. Seguimento en especial de alumnos que terminan ciclo e/ou etapa.

6.5.- Plan de Orientación Académico Profesional.

- Intensificación das actuacións que axuden á toma de decisións.
- Personalizar o proceso de orientación, propiciando o autoconñecemento do propio alumno e considerando as súas capacidades e intereses.
- Intensificar os procesos de busca de información polo propio alumno.

7.- AVALIACIÓN

Será abordada desde dúas perspectivas. Unha, desde o seguimento continuado das actuacións desenvolvidas para introducir os cambios oportunos; dúas, unha avaliación final ao termo de todo o proceso ou de cada fase.

Ao final do curso elaborárase unha memoria do Plan Anual do departamento na que se terán en conta as actuacións realizadas, a colaboración con outros servizos e institucións, a valoración global do cumprimento dos obxectivos do plan, as propostas de mellora...

En Cerceda, a 17 de setembro de 2018

O documento foi elaborado desde o Departamento de Orientación coas aportacións dos Equipos de Ciclo e de Nivel, e aprobado pola dirección do centro.